



DATOS IDENTIFICATIVOS

Análise do discurso

Materia	Análise do discurso			
Código	V01G160V01401			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Yáñez, Xoan Paulo			
Profesorado	Rodríguez Yáñez, Xoan Paulo			
Correo-e	xoanp@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/centros/fft/			
Descrición xeral	Introdución á análise do discurso falado e escrito, con especial atención á dimensión comunicativa (verbal e non verbal) e conversacional.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Familiarizar ó alumnado cos problemas teóricos das ciencias do discurso.	A3 A4	B1
Familiarizalo coas ferramentas de análise da fala e do discurso escrito.	A4 A5	
Afacerlo ó estudo dos usos orais e escritos das linguas, moi especialmente dos usos coloquiais.	A4 A5	
Capacitalo para comprender lecturas especializadas de dificultade baixa ou media-baixa.	A6	B1
Capacitalo para distinguir os contidos esenciais dos contidos accesorios.	A4	
Espertar no alumnado a capacidade de observación e reflexión sobre os usos discursivos do seu entorno cotián.	A7	

Espertar o interese polo estudo da fala bilingüe, polas diferencias de fala entre xéneros, e mais pola pragmática intercultural.

A7

A8

A9

Contidos

Tema	
A pragmática e as ciencias do discurso.	Revisión dos contidos da pragmática lingüística. Actos de fala. Implicaturas. Presuposicións. Humor e ironía. Malentendidos e incompreensións.
Discurso oral e discurso escrito.	Caracterización da comunicación oral e da comunicación escrita. Trazos e nocións básicas. A situación comunicativa cara a cara. Paralinguaxe, kinésica e proxémica. A estrutura conversacional. Xéneros, estilos e rexistros. Estilos e identidades discursivas. A comunicación nos medios. Fala, poder e manipulación discursiva. Estratexias publicitarias.
Comunicación interpersoal e cortesía.	Faces positiva e negativa. Cortesía positiva, negativa e encuberta. A atenuación. A intensificación. A negociación da relación interpersoal.
Comunicación intercultural. Xénero e discurso.	A pragmática intercultural. Culturas lacónicas e culturas locuaces. Diferenzas comunicativas entre mulleres e homes.
Conversación bilingüe.	Os repertorios comunicativos dos bilingües. Funcións pragmáticas e estilísticas das alternancias de códigos. Usos bilingües galego/castelán. O Spanglish.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	26	0	26
Traballos tutelados	0	87	87
Titoría en grupo	4	7	11
Resolución de problemas e/ou exercicios	18	0	18
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	4	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	O profesor explicará os contidos esenciais de cada un dos temas, aclarando os conceptos-clave da materia e orientando ós alumnos sobre cales dos contidos das lecturas relacionadas (ver Traballos tutelados) son fundamentais e cales secundarios. Para seguir as clases o alumno disporá, con cada Tema, dun Guión detallado dos contidos, así coma das lecturas correspondentes.
Traballos tutelados	Constan de A e B. A) Realización (completa e nun nivel non superficial) das lecturas obrigatorias. Un ritmo lector sostido é fundamental nesta materia. O control de lecturas levarase a cabo mediante 1. e 2. 1. A elaboración periódica de listaxes de dúbidas (e máis comentarios do lector), debidamente redactadas e razoadas, e para cada unha das lecturas (capítulos de libro e artigos). Estas dúbidas e comentarios enviaranse individualizadamente, semanal ou quincenalmente, por correo electrónico, ó profesor. Resolveranse en parte por resposta directa vía emilio, en parte nas 4 titorías mínimas obrigatorias que o alumno deberá realizar ó longo do curso. 2. Exame das lecturas (exame de teoría). B) Orientación das prácticas para casa (entre 4 e 6 ó longo do curso), e máis orientación do pequeno traballo de investigación de curso.
Titoría en grupo	As titorías son obrigatorias para os alumnos. Cada alumno deberá asistir un mínimo de 4 veces a titorías no despacho (en grupos dun máximo de tres persoas, ou, se o prefire, individualmente), e todas cantas veces el estime necesario. Nelas resolveranse unha parte das dúbidas das lecturas correspondentes a esa fase do curso, dúbidas que o alumno deberá enviar por emilio, debidamente redactadas e razoadas. Así mesmo, nas titorías consultarase calquera outra dúbida da materia: sobre as prácticas e as correccións das mesmas entregadas polo profesor; sobre as explicacións de clases; sobre o traballo de investigación de curso; sobre o propio sistema de traballo; sobre os exames escritos, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os exercicios e problemas han ser preparados polo alumno previamente á súa resolución e comentario nas clases prácticas. Tamén haberá prácticas específicas para a súa resolución na casa e a súa entrega por escrito, que han ser devoltos corrixidos e cualificados polo profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballos tutelados	As titorías son obrigatorias para os alumnos. Cada alumno deberá asistir un mínimo de 4 veces a titorías no despacho. Nelas resolveranse as dúbidas das lecturas correspondentes a esa fase do curso, dúbidas que o alumno deberá presentar previamente redactadas por escrito. Así mesmo, nas titorías consultarase calquera outra dúbida da materia: sobre as prácticas e as correccións das mesmas entregadas polo profesor, sobre as explicacións de clases (teóricas ou prácticas), sobre o traballo de investigación de curso (que ha ser debidamente orientado polo profesor), sobre o propio sistema de traballo, sobre o exame escrito, etc. As titorías son en grupos dun máximo de 3 persoas. Sen embargo, os alumnos que o prefiran poden asistir a titorías individualizadas.
Titoría en grupo	As titorías son obrigatorias para os alumnos. Cada alumno deberá asistir un mínimo de 4 veces a titorías no despacho. Nelas resolveranse as dúbidas das lecturas correspondentes a esa fase do curso, dúbidas que o alumno deberá presentar previamente redactadas por escrito. Así mesmo, nas titorías consultarase calquera outra dúbida da materia: sobre as prácticas e as correccións das mesmas entregadas polo profesor, sobre as explicacións de clases (teóricas ou prácticas), sobre o traballo de investigación de curso (que ha ser debidamente orientado polo profesor), sobre o propio sistema de traballo, sobre o exame escrito, etc. As titorías son en grupos dun máximo de 3 persoas. Sen embargo, os alumnos que o prefiran poden asistir a titorías individualizadas.
Resolución de problemas e/ou exercicios	As titorías son obrigatorias para os alumnos. Cada alumno deberá asistir un mínimo de 4 veces a titorías no despacho. Nelas resolveranse as dúbidas das lecturas correspondentes a esa fase do curso, dúbidas que o alumno deberá presentar previamente redactadas por escrito. Así mesmo, nas titorías consultarase calquera outra dúbida da materia: sobre as prácticas e as correccións das mesmas entregadas polo profesor, sobre as explicacións de clases (teóricas ou prácticas), sobre o traballo de investigación de curso (que ha ser debidamente orientado polo profesor), sobre o propio sistema de traballo, sobre o exame escrito, etc. As titorías son en grupos dun máximo de 3 persoas. Sen embargo, os alumnos que o prefiran poden asistir a titorías individualizadas.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Levarase un control do grao de asistencia a clases (considerada moi aconsellable), e dentro do sistema da avaliación continua. Unha asistencia a alomenos un 80% das sesións considérase moi importante para unha axeitada comprensión da materia.	10
Traballos tutelados	Os traballos tutelados son de dous tipos: por un lado o traballo lector do alumno, por outro a realización dun pequeno traballo de investigación de curso. O alumno renderá contas do seu grao de realización das lecturas obrigatorias a través das listaxes de dúbidas, que deberá entregar por escrito para seren resoltas nas titorías (en grupo e/ou individuais), así coma da marcha do seu traballo de investigación de curso, que deberá resolver sempre co apoio das lecturas, das clases maxistrais e das clases prácticas, así como coas oportunas e periódicas consultas ó profesor.	25
Titoría en grupo	É complementaria directa do traballo de realización das lecturas, da elaboración e resolución das dúbidas razoadas, así coma das consultas periódicas correspondentes (consultas que inclúen a orientación das prácticas para casa e máis do traballo de investigación de curso).	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Serán valoradas axeitadamente: 1) a preparación dos exercicios na casa previamente á súa resolución na clase, 2) as intervencións na clase para colaborar na súa discusión e resolución, e moi especialmente 3) a entrega por escrito (en tempo e forma) de todas as prácticas para resolver na casa e seren corrixiadas polo profesor, e que con esa finalidade se distribúan (un total de entre 4 e 6 ó longo do curso).	30
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realizaranse dúas probas escritas de teoría. Esta inclúe as lecturas obrigatorias (que xa que logo han ser obxecto de exame), e máis as explicacións das clases maxistrais. O alumno deberá amosar uns coñecementos abondos sobre a materia.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación é continua. Requírese un 80% de asistencia ás clases. En cada un dos ítems precedentes (ver apartado "Avaliación") requírese obter uns resultados positivos mínimos.

Os alumnos que se vaian acoller á modalidade semipresencial, deberán comunicarllo ó profesor, por emilio, ou por calquera outro procedemento, ao comezo do cuadrimestre e non máis tarde do 15 de febreiro de 2015. Neste caso esixirase a asistencia ao 40% das sesións presenciais. Estableceranse procedementos de avaliación continua, equivalentes aos que realiza o alumnado presencial, vía electrónica.

O alumno que decida non seguir a avaliación continua ou, no seu caso, a semipresencial, ou que incumpra as condicións esixidas polas mesmas, examinarase do conxunto da materia ó final do cuadrimestre. A materia de exame inclúe todas as lecturas consideradas obrigatorias, así coma os contidos teóricos e prácticos. A adopción desta modalidade deberá xustificarse, en todo caso, durante as primeiras semanas de impartición da materia. O exame final terá lugar o 20 de maio de 2015.

Aqueles que na primeira convocatoria non aprobaren a materia polo sistema da avaliación continua, na convocatoria de

xullo deberán presentarse ó exame escrito na data oficial.

Bibliografía. Fontes de información

Calsamiglia H. y A. Tusón, **Las cosas del decir.**, 2007,
Jaworski, A. y N. Coupland (eds), **The Discourse Reader.**, 1999,
Poyatos, F., **La comunicación no verbal. Volumen 1.**, 1995,
Schiffrin, T.A. et alii (eds.), **The Handbook of Discourse Analysis**, 2001,
van Dijk, T.A. (comp.), **El discurso como estructura y proceso.**, 2000,
van Dijk, T.A. (comp.), **El discurso como interacción social.**, 2000,

Bibliografía introductoria

Barcelona: Octaedro.

Jaworski, A. & N. Coupland (eds.) (1999). *The Discourse Reader*. Londres: Routledge.

Poyatos, F. (1995). *La comunicación no verbal*. [Volume] 1. *Cultura, lenguaje y conversación*. Madrid: Istmo.

Schiffrin, D.; Tannen, D. & H.E. Hamilton (eds.)

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Lingüística, comunicación e cognición/V01G160V01905

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estrutura e análise das linguas galega e española: Semántica, pragmática e léxico/V01G160V01402

Outros comentarios

Dáse por sentado que o alumno cursou previamente a materia de 1º curso "Lingüística".

Uns coñecementos básicos de Lingüística son fundamentais.
